



# UN HUMANISMO MODERNO

COLMEIRO - SEOANE - PICASSO - VERTÈS



Do 21 de outubro  
ao 21 de novembro de 2021

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO





# UN HUMANISMO MODERNO

## COLMEIRO - SEOANE - PICASSO - VERTÈS

Reunimos nesta mostra significativos exemplos do traballo gráfico e da ilustración de dúas figuras cimeiras da arte galega: **Manuel Colmeiro** e **Luís Seoane**, que no exilio arxentino e durante os anos corenta desenvolven unha estética con resonancias clasicistas. En diálogo cos nosos autores expónse a famosa *Suite Vollard* de **Pablo Picasso**, cén gravados feitos en diversas técnicas: buril, punta seca, augatinta ao azucre e augaforte, elaborados entre setembro de 1930 e xuño de 1936 e as ilustracións de *Dafnis e Chloé* (1954) realizadas polo artista de orixe húngara **Vertès**, un gravador afincado en Francia que desenvolve unha obra con indubidábeis referencias picassianas nos mesmos anos que os traballos do noso exilio.

Na obra de Colmeiro e Seoane os ecos picassianos son tamén evidentes e no contexto da nosa diáspora esta escolla non é soamente unha opción estética senón tamén política porque Picasso realizara en 1937 o *Guernica* comprometido coa República acosada en plena Guerra Civil e era, nos anos da II Guerra Mundial, un artista que, en palabras do escritor Lorenzo Varela “*nos señala la puerta maravillosa, la salida digna, la ventana por la que dar el salto a la Europa nuestra del futuro*”. O malagueño era xa un referente cívico e estético de indubidábel prestixio e cunha ben sinalada capacidade de influencia. Alén diso, o neoclasicismo arcádico picassiano tiña outras connotacións que o facían atractivo desde estas posicións ideolóxicas porque se podía apelar por medio del a un substrato colectivo de feliz equilibrio entre a natureza e a realidade humana, brutalmente ceifada polas ditaduras fascistas.

Libros e publicacións do exilio, nomeadamente durante a II Guerra Mundial, son testemuño deste *constructo* ideolóxico que elabora un humanismo antifascista con transfondo grecolatino en que ecoa a estética clasicista de entreguerras, e en especial o traballo picassiano.

Carlos L. Bernárdez

---

# UN HUMANISMO MODERNO

## COLMEIRO - SEOANE - PICASSO - VERTÈS



DESCARGA  
FOLLETO

### Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

**Do 21 de outubro ao 21 de novembro de 2021**

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h